



FUNDACIÓN PENZOL

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021

I. RECOÑECIMENTOS, NOMEAMENTOS

22 de marzo. O presidente da Fundación, Manuel Puga, foi recibido telematicamente na Reial Acadèmia de Farmàcia de Catalunya, debido á suspensión, polas restricións sanitarias, do acto previsto en marzo de 2020.

8 de abril. O presidente, Manuel Puga, recolleu o Premio da Cultura Galega, na modalidade de Patrimonio Cultural, outorgado á Fundación no ano 2020, nun acto que se adiará polas circunstancias sanitarias. Ao acto asistiron o director, Francisco Domínguez e a padroeira María Dolores Cabrera. A tamén padroeira Rosario Álvarez Blanco estivo presente na súa condición de presidenta do Consello da Cultura Galega.

No mes de abril, Francisco Domínguez, director da Fundación, foi designado, a título persoal, membro do Consello de Arquivos de Galicia.

24 de abril. Renovación de cargos directivos na Fundación Otero Pedrayo. Coa aplicación dos novos estatutos, o presidente da Fundación Penzol ocupa a vicepresidencia segunda e forma parte da Comisión Executiva.

17 de xuño. Relevo na dirección da Fundación. Francisco Domínguez cesa a petición propia. O Padroado elixe novo director a Xosé Manuel Soutullo.

26 de xuño. Por iniciativa do Concello de Vigo, descubriuse unha placa no edificio



da rúa Policarpo Sanz, dn Vigo, onde residiu Xosé L. Franco Grande, padroeiro da Fundación ata o seu falecemento.

A Fundación estivo representada polo presidente, Manuel Puga; o director, Xosé M. Soutullo, os padroeiros Xesús Alonso Montero e Francisco Domínguez, e mais a padroeira María Dolores Cabrera.

25 de xullo. Manuel Puga representou á Fundación na ofrenda floral a Rosalía de Castro no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval.

17 de agosto. O presidente, Manuel Puga, e o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, asistiron en Pontevedra aos actos do Día da Galicia Mártir, organizados pola Fundación Alexandre Bóveda.

22 de outubro. As actividades de celebración dos 50 anos do ILG tiveron como colofón a homenaxe a tres dos seus máis relevantes investigadores: Francisco F. Rei, Manuel González e a nosa padroeira Rosario Álvarez.

A Fundación sumouse ao acto coa asistencia do presidente, Manuel Puga, das padroeiros Malós Cabrera e Malores Villanueva e dos padroeiros Henrique Monteagudo e Francisco Díaz-Fierros.

19 de novembro. Manuel Puga asistiu, en representación da Fundación, aos actos conmemorativos do XXV aniversario do Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA), organizados Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, nos que recibiu unha homenaxe o seu primeiro presidente, Eduardo López Pereira, presidente da Fundación Otero Pedrayo.

11 de decembro. A padroeira María Dolores Cabrera representou á Fundación na sesión de ingreso como académica de número da RAG de Ana I. Boullón Agrelo.



II. ACTIVIDADES DE XESTIÓN E CULTURAIS

A situación sanitaria provocada polo COVID-19 provocou que do 27 de xaneiro ao 16 de febreiro se pechasen ao público os servizos presenciais da biblioteca e do arquivo.

11 de febreiro. *Faro de Vigo* visita a Casa Galega da Cultura para coñecer as dependencias da Fundación Penzol e do resto das instalacións.

Do 19 ao 31 de xullo, desta volta por razóns de tipo técnico, tamén se suspenderon os servizos presenciais da biblioteca e do arquivo. En ambos os dous períodos, a atención ao público mantívose por teléfono, vía telemática e correo postal.

Do 15 de abril ao 7 de xullo expúxose no vestíbulo da Casa Galega da Cultura unha mostra bibliográfica e documental sobre Xela Arias, organizada polas padroeiras María Dolores Cabrera e María Dolores Villanueva, con motivo de dedicárselle o Día das Letras Galegas. Presentou en catro mesas-vitrina unha selección dos nosos fondos, xunto a outros procedentes da Biblioteca-Arquivo Francisco Fernández del Riego. Composta por material diverso, maiormente bibliográfico. Tamén se recolleron algunhas outras pezas, tales como diferentes redaccións manuscritas da súa etapa escolar viguesa, un par de mecanoscritos da súa obra poética, retallos de prensa e varias fotos da autora en actos públicos e mais no seu lugar de traballo...

O acto de inauguración, celebrado o 16 de abril, conducido polo director da Fundación, Francisco Domínguez, contou coa asistencia da nai e outros familiares da homenaxeada e do concelleiro de Cultura, Abel Losada. Nel interviñeron o presidente da Fundación, Manuel Puga, e Darío Gil, fillo de Xela Arias. Pechou o acto, o alcalde de Vigo, Abel Caballero.

Co gallo destes actos, editouse un díptico en colaboración co Concello de Vigo, que reproduce unha redacción escolar de Xela Arias, escrita aos 9 anos, depositada no Arquivo Francisco Fernández del Riego.



A mostra tivo unha ampla difusión en medios de comunicación. O intérprete Samuel Soto, que musicou poemas da autora, tomou imaxes da mostra, moi espalladas polas redes sociais.

VISITAS GUIADAS Á MOSTRA XELA ARIAS:

23 de abril: 8 persoas.

15 de maio: 8 persoas

Co patrocinio do Concello de Vigo, que asumiu o custo de 3.425, reeditouse o libro *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*.

Convenios da Fundación Penzol con outras entidades

1 de maio. Asíñase un convenio de colaboración coa Editorial Galaxia que facilitará un espazo nas súas intalacións para depósito temporal da herdanza de Alfonso Zulueta.

26 de marzo. Renóvase o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Fundación Penzol para dar continuidade á integración da Biblioteca da Fundación Penzol na Rede de Bibliotecas de Galicia.

24 de novembro. A presidenta do Consello da Cultura Galega e da Fundación Penzol, Manuel Puga asinan o protocolo de colaboración para a dixitalización e difusión da correspondencia de Ramón Otero Pedrayo. Estará dispoñible para consulta no proxecto “Epístola”, do Consello. Tamén poderán consultarse na web da Fundación, que recibirá copia das dixitalizacións.



III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OTRAS INSTITUCIONES NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL

A Fundación Penzol prestou materiais e dependencias da súa sede nas seguintes actividades:

— Sesión de fotografado a María Marco, finalista do Premio Xerais de Novela 2020, realizada por Rosa Neutro.

— Filmación dun documental sobre Luís Soto e o seu papel na cultura na diáspora, desenvolto pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, para a revista *Vieiros*.

— Entrevista a Darío Gil Arias por Aser Álvarez González, director de Arraianos Produccións.

— Entrevista a Xosé González Martínez por Tamara Novoa Alonso, para a revista *A Movidá*. Publicada na sección *Vigués do mes*, en maio de 2021.

— O 17 de xullo tivo lugar en Lourenzá unha xornada dedicada a Francisco Fernández del Riego, organizada polo Concello desa vila e mais a Asociación Patrimonio Laurentino. Por parte da Fundación, participaron nela, o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e María Dolores Villanueva e mais Francisco Domínguez.

— A Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes publicou, en edición dixital a partir dun exemplar do noso fondo, a obra *El Castillo de la Fada*, de Emilia Pardo Bazán, impresa en Vigo, por Juan Compañel, en 1866.



— A mostra “Galicia escandinava. O camiño do Oeste a Santiago de Compostela”, producida pola Fundación Carlos Casares, para a que Fundación cedeu a reprodución de pezas dos nosos fondos —mapas, libros, gravados e estampas—, puido visitarse, desde finais de agosto, no Instituto Cervantes de Estocolmo e, durante o mes de outubro, na Biblioteca de Humanidades e Ciencias Sociais da Universidade de Oslo.

— O presidente e o vicepresidente primeiro da Fundación Penzol, Manuel Puga e Antón Vidal participaron na presentación en Allariz do libro *Vermellos e laicos. A represión fascista do maxisterio coruñés*, de Narciso de Gabriel, na sede da Fundación Vicente Risco, acto no tamén estivo a presidenta da institución anfitroia. Editorial Galaxia é a editora do libro.

Por parte, Francisco Domínguez, que non puido asistir, remitiu un texto para ler no acto sobre sancións sufridas polo seu pai, José Domínguez, ensinante en Baio (Zas), a quen separaron de por vida da profesión.

— Participación na I Xuntanza de Bibliotecas, Arquivos e Centros de Documentación de Vigo, organizada por la biblioteca do MARCO (Museo de Arte Contemporánea) de Vigo, o 11 de novembro. A nosa bibliotecaria Pilar Vilaboy Freire presentou o relatorio: “As bibliotecas da Casa Galega da Cultura”.

— 26 de novembro. Na reunión ordinaria do Padroado da fundación Carlos Casares renovou o seu mandato como representante da Fundación Penzol, o presidente Manuel Puga.

— Colaboración no ciclo “Os venres da EMAO”, programación semanal desenvolta pola Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. O 3 decembro, Pilar Vilaboy Freire, impartiu a conferencia: “Os ‘tesouros’ da Biblioteca da Fundación Penzol.

Como todos os anos, colaboramos co préstamo de materiais bibliográficos e documentais nas exposicións seguintes:



“Galicia, de Nós a nós”, itinerante, 1ª instalación: do 2-X-2020 ao 17-I-2021. Organizada pola Cidade da Cultura: Museo Gaiás, Santiago de Compostela.

A Fundación facilitou reproducións de documentos (maiormente fotográficos e algún impreso e manuscrito) para o Museo Ramón Cabanillas, que se inaugurou en Cambados o día 3 de xuño.

“Símbolos xacobeos e imaxes de Santiago nos impresos do barroco compostelán”, do 15-IX-2022 ao 20-I-2022. Organizada polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

“Ferrol e os libros: a edición na cidade (1803-2019)”, do 1-X-2021 ao 25-II-2022. Organizada pola Biblioteca Municipal de Ferrol.

“Francisco Fernández del Riego: nos vieiros da arte galega”, do 26-XI-2021 ao 7-I-2023. Pinacoteca Francisco Fernández del Riego. Organizada polo Museo Municipal Quiñones de León, Vigo. Ao acto de inauguracións asistiron o director da Fundación, Xosé M. Soutullo e mais a directora técnica, Marián Vidal.

“O poder da palabra: 40 anos do Parlamento de Galicia, 1981-2021”, itinerante, do 15-XII-2021 ao 31-V-2022. Organizada polo Parlamento de Galicia.

IV. DIFUSIÓN

Boletín Novas Penzol

Continuamos coa difusión dos fondos bibliográficos e documentais desta institución, complementada cos da biblioteca-arquivo Francisco Fernández del Riego, que comparten sede. Grazas ao labor do noso padroeiro Silvestre Gómez Xurxo e ao apoio do noso persoal técnico, durante o ano 2021, saíu este número:



— “Xela Arias: raíz indómita”. Número 24, marzo de 2021.

Facebook

Publicáronse 70 notas informativas.

A 31 de decembro, a páxina contaba con 1.780 seguidores.

V. BIBLIOTECA

Incremento de fondos bibliográficos

Monografías rexistradas: 872 títulos

Revistas rexistradas: 67 títulos

Catalogación informatizada de fondos bibliográficos

Monografías: 1.203 rexistros

Revistas: 112 rexistros

VI. ARQUIVO

Novos ingresos

Inclúense neste apartado os ingresos de fondos propiamente arquivísticos con exclusión doutras achegas soltas que non acadan esta consideración.

— Documentación de María Villaverde Riobó en relación á construción dun pesqueiro nunha carpintería de Ribeira de Moaña. Doadada por Óscar Pazos Rodríguez.

— Doazón de Irene Vilariño Casanova do manuscrito autógrafa do poemario *Nos eidos da*



bremanza, do seu tío, o poeta Fiz Vergara Vilariño.

- Doazón de Malós Cabrera do manuscrito mecanografado do poema “Darío a diario”, de Xela Arias, con carta de entrega de Xela a Malós.
- Doazón, realizada por Xosé Antón Miguélez Díaz, de nove cartas manuscritas e unha tarxeta, tamén manuscrita, que Ramón Piñeiro lle remitiu entre os anos 1969 e 1974.
- Doazón do Fondo Emilio Álvarez Blázquez. Realizada polo seu fillo Emilio Álvarez Pazos, ingresa o 7 de setembro de 2021.
- Doazón de X. M. García Crego con documentación da UPG/MNPG. Novembro de 2021. Xa existe un fondo desta temática ao que se acorda incorporar a presente documentación con indicación da procedencia.
- Luís Cochón entregou unha importante relación de cartas autógrafas de Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Ben-Cho-Shey e Ramón Otero Pedrayo remitidas a Fermín Penzol. O lote completouse cunha caixa que contiña documentación de Penzol sobre asuntos relacionados coa Fundación e con Editorial Galaxia, entre outros materiais.

Descrición de fondos

- Fondo María do Carme Kruckenberg Sanxurxo: Cun volume de 1,1 metros lineais, formado por 177 rexistros descritivos.
- Fondo Álvaro Cunqueiro Mora: 1,24 metros lineais. 278 rexistros descritivos.
- Colección Xavier Castro: 0,3 metros lineais. 148 rexistros descritivos. Realizado por Gregorio Casado ao abeiro das axudas á organización de arquivos do ano 2021, concedida pola Xunta de Galicia á Fundación Penzol.
- Fondo familia Arias Teixeira e identificación de arquivos familiares: continuou en curso no presente ano.

Outros traballos

- Alumnos en prácticas: Iria Bravo Domínguez, alumna do grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela. Ao cargo da



migración de datos á aplicación A3W (colección de carteis do Día das Letras Galegas) e identificación de fondos pertencentes á familia Cadaval. Aproximadamente cen horas durante os meses de marzo a xuño en días discontinuos.

- Gregorio Casado González, ao abeiro das axudas destinadas á colaboración en materia de arquivos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de 2021. Traballou na organización fondo Rodolfo Prada, dentro do “Proxecto de descrición arquivística da colección Xavier Castro”, desde o 16 de agosto ata o 18 de outubro.
- Dixitalización da correspondencia de Ramón Otero Pedrayo: realizada en virtude do convenio asinado entre o Consello da Cultura Galega e a Fundación Penzol. Os traballos de captura de imaxes, encargados ao fotógrafo Enrique Touriño Marcén, comezaron nos derradeiros meses, concluirán en 2022.
- Restauración de manuscritos do fondo Álvaro Cunqueiro: notas, apuntes, debuxos e poemas soltos, realizada pola especialista Laura Sánchez García. O gasto foi custeado pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

Fondos de arquivo na aplicación informática A3000

DESCRICIÓNS DOCUMENTAIS

Ao peche do ano 2021 figuraban na base de datos **24.865** rexistros, dos que **19.114** estan dispoñibles a través do portal.

Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Riego. Desagregando os datos, para o Arquivo Penzol figuran un total de **19.083** rexistros, dos cales **15.647** están dispoñibles a través do portal.

Durante o ano 2021 realizáronse un total de **995** rexistros descritivos correspondentes ás agrupacións que van de fondo a unidade documental.

ÍNDICES E AUTORIDADES

A 31 de decembro de 2020 figuran un total de **12.899** rexistros, dos cales **434** corresponden a descrições de autoridade realizadas en 2021.



Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Riego, no caso das autoridades e índices non é posible ofrecer datos separados por arquivo.

DOCUMENTOS DIXITALIZADOS DE ACCESO EN LIÑA


Suman un total de **1.777** rexistros, con imaxes asociadas para a consulta directa. En 2021 incorporáronse as imaxes dos seguintes grupos:

- Libro da Confraría de Santa María dos Mercadores de Santiago de Compostela.
- Libro de notas de Gómez Fernández e Francisco de Lerma, notarios de número de Santiago de Compostela.
- Fondo de San Domingos de Bonaval.

Usuarios do portal


Ao longo do ano pasado modificouse o aspecto do portal de arquivos co obxectivo de mellorar a súa accesibilidade. Apareceron algúns problemas técnicos nos comezos de ano que foron remediados nos finais de xaneiro. Os datos de audiencia para o portal tomados da ferramenta Google Analytics son os seguintes:

SESIÓNS





VISIÓN XERAL DA AUDIENCIA



VII. DOADORES

Particulares

Alejandra Torres Torres
Alfonso Zulueta (Fondo)
Alonso Estraviz
Ángel Núñez Sobrino
Antón Costa Rico
Antón Vidal Andión
Antonia Pérez Rodríguez
Avelino Pousa Antelo (Fondo)
Bieito Ledo



Bernardo Máiz Vázquez
Carlos Igrexas Martínez
Carlos Méixome
Carme Fernández Pérez-San Julián
Carmen Manso Porto
Carmen Pérez Pais
César Cunqueiro González-Seco
Edelmiro Martínez Cerredelo
Eduardo Riestra
Enrique Caride Iglesias
Enrique J. Montenegro
Familia Pereiro Lepina
Francisco Domínguez
Gustavo Garrido
Jesús G. Bastida
Jorge Santoro de Membiela
José Luis Soto Pérez
Juan Miguel González Fernández
Manuel Puga Pereira
Manuel Rodrigues Lapa (Fondo)
Marcelino Agís Villaverde
María do Carme Kruckenberg (Arquivo)
María Dolores Cabrera



María Oruña
Montserrat Fajardo
Óscar Díaz Fouces
Pablo García Martínez
Pedro Souto González
Pedro J. González Rodríguez
Pilar Vilaboy Freire
Ramón Nicolás
Ramón Otero Pedrayo (Fondo)
Ramón Villar Ponte (Fondo)
Rodolfo Prada (Fondo)
Rosario Sarmiento Escalona
Silvestre Gómez Xurxo
Sixto Gómez Echemendia
Vázquez Ribada (Fondo)
Xavier Castro Pérez
Xesús Alonso Montero
Xesús González Gómez
Xesús Antonio Gulías Lamas
Xosé Antonio Fernández Salgado
Xosé Manuel Soutullo
Xosé Luís Méndez Ferrín
Xulián Parga Rodríguez



Editoriais

Chan da Pólvara
Edicións Basán
Edicións Xerais de Galicia
Engaiolarte
Galaxia
Sept

Revistas

Anuario Brigantino
Club Peña Trevinca
Cousas de...
Encrucillada
Industria Conservera
Industrias Pesqueras
Irimia
Quinesia
Raigame

Institucións

Real Academia de Farmacia de Galicia
Anfaco-Cecopesca
Amigos de los Pazos



Arquivo Provincial de Lugo
Asociación Irimia
Biblos. Club de Lectores
Casa-Museo Álvaro Cunqueiro
Centro de Educación Especial San Rafael (Vigo)
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Concello da Coruña
Concello de Ames
Concello de Lugo
Concello de Oroso
Concello de Santiago
Concello de Tomiño
Concello de Vigo
Consello da Cultura Galega
Deputación Provincial da Coruña
Deputación Provincial de Ourense
Deputación Provincial de Pontevedra
Fundación Barrié de la Maza
Fundación Cidade da Cultura
Fundación Rosalía de Castro
Gadis
Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento
Instituto de Estudios Carballiñeses



Instituto de Estudos Vigueses
Museo Arqueolóxico de Ourense
Museo de Arte Contemporánea (Nova York)
Museo do Pobo Galego
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Real Academia Galega de Ciencias
Real Academia Galega
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago
Universidade de Vigo
Universitat de Barcelona
Valedor do Cidadán de Vigo
Xunta de Galicia

VIII. PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

O préstamo de orixinais da biblioteca e do arquivo para a edición de facsímiles, publicacións, reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións, supón unha contribución imprescindible para algunhas iniciativas culturais organizadas por diversas institucións públicas e privadas.

Préstamos 2021	Total pezas
Traballos editoriais e difusión	56



Exposicións	28
-------------	----

IX. ESTADÍSTICAS

En 2021, os nosos servizos de biblioteca e arquivo, por razóns de tipo técnico, só estiveron abertos ao público na quenda de mañá.

Debido ás medidas de prevención contra a Covid-19, o centro permaneceu pechado ao público, nas datas citadas no capítulo II.

Web

Páxinas	Vistas de páxinas únicas	Tiempo promedio na páxina
Fundación Penzol (cas)	940	00:00:45
Fundación Penzol (gal)	155	00:01:05
Fermín Penzol (cas)	45	00:00:58
Fermín Penzol (gal)	4	00:00:39
Publicacións (cas)	14	00:00:34
Publicacións (gal)	7	00:00:15
Casa Galega da Cultura (cas)	88	00:00:51
Casa Galega da Cultura (gal)	2	00:00:14
Biblioteca (cas)	580	00:01:17
Biblioteca (gal)	59	00:01:15



Arquivo (cas)	364	00:01:08
Arquivo (gal)	43	00:01:39
Servizos (cas)	39	00:00:28
Servizos (gal)	17	00:03:23
Gabinete de Ramón Piñeiro (cas)	16	00:00:20
Gabinete de Ramón Piñeiro (gal)	2	00:00:50
Padroado da Fundación Penzol (cas)	84	00:00:56
Padroado da Fundación Penzol (gal)	18	00:00:52
Novas Penzol (cas)	19	00:00:41
Novas Penzol (gal)	3	00:04:21

Servizo de consulta en sala: tipoloxía de consultas

2021	Teses	Investigación	Traballos académicos	Outros	Total
xaneiro	0	4	9	6	19
febreiro	0	5	1	4	10
marzo	1	13	1	11	26
abril	3	10	0	7	20
maio	2	6	0	13	21
xuño	1	9	0	10	20



xullo	1	16	3	9	29
agosto	0	20	3	6	29
setembro	13	2	19	0	34
outubro	1	17	4	9	31
novembro	3	13	1	24	41
decembro	0	22	0	9	31
TOTAL	25	137	9	52	311

Servizo de consulta en sala: tipoloxía de materiais

Ano: 2021	Libros	Revistas	Arquivo	Total consultas
xaneiro	1	11	4	48
febreiro	8	3	0	28
marzo	6	22	21	141
abril	1	16	19	72
maio	0	19	8	64
xuño	9	10	10	155
xullo	0	29	409	572
agosto	7	33	0	123
setembro	6	13	170	298
outubro	2	15	29	111
novembro	5	22	119	228
decembro	1	22	12	146



TOTAL	970	215	801	1.986
--------------	------------	------------	------------	--------------

Consultas en Internet

- De Arquivo: 1.200 (desde o 23 de xullo ata fin de ano o acceso ao portal funcionou de xeito eventual)
- De Biblioteca: 1.884
- Da Fundación Penzol (institución): 2.333

Servizo de información bibliográfico-documental e referencia por teléfono e/ou por correo-e

- Usuarios: 60
- Fondos consultados: 162

Servizo de copia das coleccións

- Fotocopias: 760
- Dixitalizacións: 1482
- Usuarios / solicitudes: 45 (de fotocopias), 67 (de dixitalizacións)

Temas de consultas e investigacións

XANEIRO

- Historia de Lugo e Galicia
- Plan Antonio Palacios
- *Novas Penzol* 24. “Xela Arias”
- Xela Arias
- Biografía de Xela Arias



- Revista *Grial*
- “O Lebre”: historia dun fuxido
- Revistas *Céltiga* e *A Fouce*
- Calendarios Cosmos
- As árbores do Castro (Vigo)

FEBREIRO

- Revistas galegas
- Xenealoxías de Galicia
- Historia de Lugo e Galicia
- Inscricións latinas
- *Cuadernos de Estudios Gallegos*
- Álvaro Cunqueiro
- O Coro de Mondariz
- Emilia Calé Torres

MARZO

- Didáctica da lingua galega
- Exposición Xela Arias na Casa Galega da Cultura
- Adelardo Novo Brocas (1880-1939): do Belello ao Ebro
- Rosalía en Otero Pedrayo
- Investigacións sobre o Marín histórico
- Haydn
- Arquivo Xosé Soto
- Violinistas cegos, literatura de cordel e cantares/romances de cego
- Isaac Díaz Pardo
- Editores galegos en Uruguai: Maximino García
- A xeración Nós
- Galeguismo en Barcelona, 1936-1939
- José Rodríguez González, matemático astrónomo



- A presa de Castrelo de Miño
- Bibliografía Ciencias Biomédicas
- O ferrocarril en Galicia
- Afonso Henriques
- Álvaro Cunqueiro

ABRIL

- Temas rosalianos en Otero Pedrayo
- Revista *Museo de Pontevedra*
- Política e economía en Vigo: 1857-1923
- Correspondencia de Iglesia Alvariño e Fernández Armesto con Ramón Otero Pedrayo
- Bérberes
- Isaac Díaz Pardo
 - Historia da cultura galega
- José Afonso en Galicia e a canción galega
- Fotografías de obras de Xela Arias
- Cancioneiro de Galicia
- Biografía e fotos de Olimpia Valencia
- Corais galegas
- O marqués de Figueroa
- Redaccións infantís de Xela Arias
- Revistas galegas

MAIO

- Revistas galegas
- Homenaxe a Carballo Calero
- Difusión de actividades de educación patrimonial no Museo de Pontevedra
- Teatro musical e identidades colectivas a finais do Antigo Réxime: unha perspectiva dende o galego
- Prensa progresiva local



- Galeguismo en Barcelona (1936-1939)
- Dicionario de educadores de España
- Proxecto sobre a festa de Reconquista
- Rogelio Rivero
- Río Arnoia
- Tabula Imperii Romani K-20 Porto
- A patrimonialización do xoguete tradicional galego: estudo de caso de Miudiño Cooperativa Galega (2015)
- Fotografado libro *El castillo de la Fada*, de Emilia Pardo Bazán
- Castelao e Celso Emilio Ferreiro

XUÑO

- Historia da espeleoloxía galega
- Cuadernos de poesía Albor
- Literatura galega
- Felipe Bello Piñeiro
- *Seis poemas galegos*
- Beade medieval
- Álvaro Cunqueiro
- Bibliografía de José Luis Soto Pérez e Lino Gómez Canedo
- Antonio Machado e o franquismo
- O cura Luna
- Arquitecturas de despoboación

XULLO

- Poesía de Crecente Vega
- Felipe Bello Piñeiro
- Poesía galega de Delgado Gurriarán
- Revistas galegas
- Otero Pedrayo e o seu epistolario



- Xosé Ramón Barreiro
- Obras galegas no Arquivo Berea
- O Irixo, patrimonio cultural
- Manuel María
- Historia da espeleoloxía galega
- Historia do cómic de Galicia
- Noticias de arqueoloxía galega
- Artigos de Xohán Vicente Viqueira
- Delgado Gurriarán: o exilio nunha cala do seu epistolario

AGOSTO

- A vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán
- Historia da literatura dramática galega
- Manuel Torres, pedagogo
- Historia da espeleoloxía galega
- Ríos de Vigo
- Proxecto de conservación do pazo Figueroa Arxía (A Coruña)
- Exilio galego
- Etimoloxía do relato
- Moaña, historia fotográfica
- Biografía Handicap
- Historia da monarquía en Galicia por vínculos con outros Reinos (Castela, Portugal, Asturias) ata os Reis Católicos
- Rudyard Kipling
- Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
- A Escola galega da caricatura arxentina
- A exploración dos recursos mariños en época romana no Noroeste da Península Ibérica
- Celanova



SETEMBRO

- Tarabelo
- Información da rúa Vitoria en 1905
- Enrique García Artime
- Vigo histórico e político
- Revistas galegas
- Anexión de Coia a Vigo
- Edición da obra poética de Delgado Gurriarán
- Historia de espeleoloxía galega
- Pardo Bazán e outros
- Bello Piñeiro e o franquismo
- Correspondencia entre Cordero Carrete, Sánchez Cantón e Otero Pedrayo
- Revista *Pero-grullo*
- Biografía de Florencio Delgado Gurriarán
- Interferencia do castelán na lingua galega
- Memorias de Cariño
- Exilio en México
- Sardeña
- Petroglifo de Gargandón?
- Teatro galego (Sarabela Teatro)

OUTUBRO

- Interferencias do castelán no galego
- Revistas galegas
- Citas de Concepción Arenal
- Literatura portuguesa
- Consello de Galiza
- A poesía de Delgado Gurriarán
- Arquitectura industrial de Vigo



- As traducións galegas?
- Café Suízo e as súas traballadoras
- Gil Vicente
- Emilia Pardo Bazán
- Etimoloxía de “horda”
- Bello Piñeiro
- Beade
- Desde o Espolón de Ourense
- Pueblo gallego
- Saco y Arce
- Presencia pastoral dos xesuítas en Vigo
- Accións da memoria do Golpe e o franquismo en Galicia (1976-1986)
- O galego de Asturias
- Leopoldo Gómez Moure
- O exilio galego en Francia

NOVEMBRO

- Literatura infantil e xuvenil galega
- Faraldo
- Billares en Ourense
- O exilio galego en Francia (1939)
- Isaac Díaz Pardo
- Faros de Galicia
- O río Arnoia
- Beade
- Os ríos de Galicia
- Ramón Otero Pedrayo
- Cancións populares
- Industria galega do automóbil
- Rosalía de Castro



- Manuel Comellas
- Accións da memoria (1976-1986)
- *La Noche*
- Estudo das xergas de Galicia
- Bello Piñeiro
- Afonso X o Sabio
- Edición e estudo da poesía completa en galego de Ricardo Carballo Calero
- Labor educativo das Sociedades de Instrución galegas en Cuba
- José Rodríguez, matemático
- A novela curta (1884-1931)
- Florencio Delgado Gurriarán

DECEMBRO

- Anduriña, de Jaime Solá
- Felipe Bello Piñeiro
- Historia da espeleoloxía galega
- Revistas galegas
- Beade
- Toponimia e cartografía de Navia, Alcabre e Coruxo. A contorna da foz do Lagares e a súa contorna
- Florencio Delgado Gurriarán
- “Paliques”, de Javier Valcarce Ocampo
- Fotografías da sucursal do Banco de España
- A novela curta galega (1880-1931)
- A vida e a fala dos devanceiros
- Investigación para obra literaria (información de Vigo). Épocas históricas de Vigo.
- A pseudonimia
- Edición dun libro sobre a Casa-Palacio dos marqueses de Valladares en Vigo
- Vigo



IX. PERSOAL

O noso arquivista durante tantos anos, Benito Ramírez Abal, incorporouse o 12 de xaneiro, cun contrato de interino do Concello de Vigo, ata que se cubra a praza vacante de técnico medio de arquivos.

Nuria Molina Magdalena e Javier Vázquez Rodríguez estiveron como ordenanzas cun contrato de seis meses do Concello de Vigo, que empezou o 26 de xullo.